

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA PARA A INTEROPERABILIDADE ENTRE O PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN DE TRABALLOS PROFESIONAIS DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA E O PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN DE LICENZAS E OUTRAS TRAMITACIÓNS URBANÍSTICAS DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS A TRAVÉS DO NODO DE INTEROPERABILIDADE DA XUNTA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 08 de xullo de 2020

**REUNIDOS**

Dunha parte, Ánxeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, nomeada polo Decreto 94/2018, do 26 de setembro, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, M.<sup>a</sup> Mar Pereira Álvarez, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), no uso das facultades que lle son atribuídas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos e o Decreto 91/2012, do 16 de marzo, polo que se nomea directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Doutra parte, Elena Ampudia Aixendri, Decana do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia -en adiante COAG-, en nome e representación do citado Colexio, con CIF nº Q15750058 e sede na Praza da Quintana, 3 -15704, Santiago de Compostela, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 38 a) dos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 105/2016 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG nº 153, de 12 de agosto)

As partes, no nome e representación con que concorren e con capacidade legal para este acto,

**EXPOÑEN**

**Primeiro.-** Que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ten atribuídas competencias específicas en materia de urbanismo que exerce a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, ao abeiro do disposto no artigo 13 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo (DOG núm. 79 do



25 de abril), polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, entre as que se atopan o exercicio das funcións encomendadas pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galica, ou norma que a substitúa.

**Segundo.-** Que, segundo o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, a AMTEGA é a axencia pública autonómica que ten por obxecto a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa a tecnoloxías da información e comunicacións, así como a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico e, en concreto, o impulso, xestión e coordinación da Administración electrónica, como elemento indispensable para a modernización da Administración pública, así como a interlocución e regulación de acordos con outras administracións ou órganos en relación co emprego dos sistemas de información corporativos da Xunta de Galicia ou da súa interconexión con estos.

**Terceiro.-** O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia é unha Corporación de Dereito Público con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins (Lei 2/1974 de Colexios Profesionais e art.4 Lei 11/2001 de Colexios da Comunidade Autónoma de Galicia e art. 1.2 dos vixentes Estatutos do COAG ). Dentro dos seus fins e funcións están os de colaborar coas Administracións Públicas no exercicio das súas competencias nos termos previstos na lexislación vixente (arts. 8.1 d) e 9 r) Lei 11/2001 de Colexios da Comunidade Autónoma de Galicia) así como realizar as prestacións de interese xeral propias da Arquitectura e do Urbanismo que considere oportunas ou que lle encomienden os poderes públicos conforme á lei (art. 5 f) dos seus estatutos). A tal fin pode subscribir convenios de colaboración coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma para a realización de actividades de interese común e, especialmente, promover actuacións orientadas á defensa e dinamización do interese público. .

Así mesmo o COAG ten entre as súas funcións visar os traballos profesionais dos arquitectos, cando así se solicite a petición expresa dos clientes, incluídas as administracións públicas cando actúen como tales, e en aqueles traballos contemplados no Real decreto 1000/2010, de 5 agosto, de visado colexial obrigatorio así como o rexistro de traballos profesionais.

**Cuarto.-** A Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, recolle no seu artigo 78 que a entidade do sector público autonómico con competencias en desenvolvemento dixital funcionará como un nodo de interoperabilidade mediante a plataforma de intermediación pasaXe!, que prestará funcionalidades comúns para o intercambio dos datos e de documentos entre o sector público autonómico e co resto das administracións públicas. Igualmente a dita lei, establece no seu artigo 69

referido ao impulso dos servizos dixitais a empresas e profesionais, que impulsará a creación de servizos electrónicos e a automatización dos procesos entre o sector público autonómico e as empresas e os profesionais, naqueles casos en que resulte beneficioso. E por último no seu artigo 128, establece que se impulsarán as relacións de colaboración e cooperación necesarias coas restantes administracións públicas presentes no territorio galego coa finalidade de favorecer o achegamento dixital á cidadanía nas súas relacións coa administración.

Asemade a disposición adicional primeira da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG) preveu o desenvolvemento pola Comunidade Autónoma dunha Plataforma Urbanística Dixital que facilite a participación nos procedementos de planificación e que posibilite a tramitación integral dos instrumentos de planeamento urbanístico.

**Quinto.-** O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia ven realizando a tramitación dos traballos profesionais en formato electrónico desde o ano 2004, polo que conta cunha experiencia específica e dilatada no relativo á tramitación dixital. Na actualidade, toda a tramitación dos traballos profesionais no Colexio de Arquitectos realízase en formato electrónico. A dita tramitación apóiase sobre un modelo normalizado que establece para cada traballo profesional, en correspondencia coas disposicións legais vixentes, cales son as clasificacións tipolóxicas en relación coa súa tramitación administrativa, cal é a súa estrutura documental de tramitación, así como cales son os axentes que deben asinar electrónicamente a documentación que cada traballo profesional pode conter.

**Sexto.-** No ano 2011 a Xunta de Galicia e o Colexio de Arquitectos desenvolveron un primeiro mecanismo de interoperabilidade piloto para o intercambio da documentación técnica de traballos profesionais. Estes mecanismos xa desenvolvidos, coa correspondente adaptación e actualización, poden ser a base sobre a que se materialicen desde o punto de vista tecnolóxico os obxectivos deste convenio de colaboración. Neste sentido, cómpre subliñar que na actualidade o COAG xa ten establecidos mecanismos de interoperabilidade en funcionamento cos concellos de Vigo e Lugo para a documentación técnica de traballos profesionais.

Neste contexto, no que o COAG presenta unha sintonía cos obxectivos da Xunta de Galicia, xorde a oportunidade de establecer unha liña de colaboración nun dobre camiño:

I.- O establecemento dunha serie de mecanismos de interoperabilidade entre o procedemento de tramitación do Colexio de Arquitectos e a Xunta de Galicia que posibiliten:

- O fornecemento da documentación técnica dos traballos profesionais desde o Colexio de Arquitectos ás distintas administracións públicas galegas interesadas, a través dos sistemas da Xunta de Galicia. Así, a documentación técnica vinculada coa tramitación de licenzas e outras tramitacións urbanísticas, a presentar polo administrado, será directamente obtida por parte do sistema de interoperabilidade da Xunta desde o sistema de xestión do Colexio de Arquitectos, previa autorización dos técnicos autores e do propio administrado, co obxecto de que sexa accesible polas distintas administracións. Deste xeito, o administrado poderá realizar a achega da documentación técnica correspondente á solicitude dunha forma máis áxil e económica, utilizando o formato electrónico con independencia de cal sexa a súa capacitación tecnolóxica.
- A normalización da documentación técnica e administrativa de carácter xeral. A documentación técnica correspondente aos traballos profesionais obtida do sistema de tramitación do COAG atoparase tipificada, estruturada e asinada conforme ao modelo normalizado que o Colexio de Arquitectos se encarga de ter adecuadamente actualizado en correspondencia coas disposicións legais vixentes de carácter xeral.
- A garantía sobre a identidade e habilitación dos técnicos redactores no caso de traballos visados e sobre a identidade e colexiación habilitante noutros casos. O procedemento de tramitación colexial inclúe estas verificacións dos técnicos asinantes, polo que se evitará a solicitude e xestión de documentación adicional para a verificación deste extremo por parte das diferentes administracións.

II.- A colaboración consistente no estudo por ambas partes dos posibles mecanismos e alternativas para a execución pola Xunta de Galicia da Disposición adicional primeira da lei 2/2016 do Solo de Galicia en relación á implantación pola administración autonómica da Plataforma urbanística dixital de Galicia.

Así é de interese común de ambas partes colaborar no ámbito das tecnoloxías da información co obxecto de posibilitar a normalización, axilización e simplificación da tramitación administrativa o que redunda en interese público das Administracións Públicas e da cidadanía. Así como estudar as opcións para o desenvolvemento pola Administración autonómica da Plataforma urbanística dixital de Galicia conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto

O presente Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e o COAG ten por obxecto:

I.- A realización de actuacións no ámbito das tecnoloxías da información en Galicia ao obxecto de establecer mecanismos de interoperabilidade entre o procedemento de tramitación telemática de traballos profesionais do Colexio de Arquitectos e os procedementos de tramitación de licenzas e outras tramitacións urbanísticas, das diferentes administracións galegas. Para iso, establecerase unha conexión entre os sistemas de tramitación do COAG e os sistemas de interoperabilidade da Xunta de Galicia, a fin de que a documentación relativa a traballos profesionais tramitada no Colexio de Arquitectos, e que figuran no Anexo I, poda ser fornecida desde á Xunta de Galicia ás distintas administracións públicas galegas interesadas na súa incorporación aos procedementos propios de tramitación de licenzas e outras tramitacións urbanísticas, previa autorización dos axentes implicados. O establecemento destes mecanismos de interoperabilidade persegue posibilitar a normalización, axilización e simplificación da tramitación administrativa, así como o aforro de custos. A estes beneficios súmanse aqueles relativos ao medio ambiente e á transparencia na xestión.

Habilitarase un mecanismo telemático que permita aos sistemas de interoperabilidade da Xunta de Galicia, coa conformidade do solicitante da licenza ou tramitación urbanística, así como dos técnicos redactores do traballo profesional vinculado, obter en formato electrónico unha copia da documentación técnica e administrativa tramitada no Colexio de Arquitectos, co obxectivo de que poda ser utilizada nas autorizacións e tramitacións administrativas posteriores, permitindo o acceso a esta ás distintas administracións implicadas.

A obtención dunha copia da documentación tramitada no COAG a través do nodo de interoperabilidade da Xunta de Galicia, permitirá eximir aos solicitantes da licenza ou tramitación urbanística da obriga de chegar dita documentación en papel.

A documentación obtida desde o Colexio de Arquitectos atoparase clasificada desde o punto de vista da tipoloxía e natureza do expediente administrativo, así como estruturada consonte os diversos traballos e fases dos mesmos que poidan integrar o expediente, e toda ela estará asinada electrónicamente polos técnicos redactores do traballo tramitado no Colexio de Arquitectos conforme ao modelo de tramitación normalizado que para os traballos profesionais dispón o Colexio en correspondencia cos disposicións legais vixentes de carácter xeral.

Unha vez desenvolvidas as actuacións técnicas previas para a posta en marcha desta iniciativa de interoperabilidade, articularanse os mecanismos precisos para o impulso da iniciativa nas sedes municipais.

II.- Asemade, a Xunta de Galicia e o COAG estudarán conxuntamente os posibles mecanismos e alternativas para a execución pola Xunta de Galicia da Disposición adicional primeira da Lei 2/2016 do Solo de Galicia en relación á implantación pola Administración autonómica da Plataforma urbanística dixital de Galicia, que facilite a participación nos procedementos de planificación urbanística e que posibilite a tramitación integral dos instrumentos de planeamento urbanístico, de xeito que supoña maior axilidade e simplificación da tramitación administrativa.

A Xunta de Galicia e o COAG analizarán conxuntamente a problemática que afecte a ambas institucións para a implantación e posta en funcionamento das accións previstas neste convenio. Para iso os servizos técnicos de ambas institucións manterán os contactos que se estimen oportunos, co fin de poder propolas a ambos e poder homoxeneizalos.

#### **Segunda.- Obrigas do COAG**

En relación á liña de colaboración consistente no establecemento de mecanismos de interoperabilidade entre o procedemento de tramitación telemática de traballos profesionais do Colexio de Arquitectos, recollidos no Anexo I, e os procedementos de tramitación de licenzas e outras tramitacións urbanísticas, das diferentes administracións galegas.

1. Dispoñer os medios e protocolos tecnolóxicos, así como dispoñer os mecanismos para recabar a autorización dos técnicos autores, co fin de que a Xunta de Galicia poda obter a documentación dos traballos tramitados no Colexio de Arquitectos, no contexto da tramitación de licenzas e outras tramitacións urbanísticas.
2. Realizar, no proceso de tramitación colexial, aquelas tarefas de tratamento e supervisión necesarias para garantir que a documentación subministrada se adecúa ao modelo de tramitación colexial vixente e aos requirimentos definidos para a súa tramitación en formato electrónico (non protección dos arquivos, tamaño máximo dos arquivos, introdución de marcas de auga, correcta orientación dos arquivos para a súa lectura,...).
3. Asegurar o cumprimento da política de sinatura electrónica definida no informe emitido polo Colexio Oficial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros da Administración local (COSITAL), tanto na súas vertentes tecnolóxicas e xurídicas, como na adecuada correspondencia das sinaturas reflectidas na documentación coa identidade e función dos axentes intervenientes e a súa compatibilidade coa política da sinatura da Xunta de Galicia.

4. Adecuar os servizos de acceso á información técnica segundo os requisitos establecidos polo nodo de interoperabilidade da Xunta de Galicia, así como polas normas técnicas de interoperabilidade.
5. Habilitar unha canle de soporte á Xunta de Galicia para a resolución de dúbidas ou incidencias que podan xurdir co uso ou acceso á documentación facilitada polo COAG.

### Terceira.- Obrigas da Xunta de Galicia

En relación á liña de colaboración consistente no establecemento de mecanismos de interoperabilidade entre o procedemento de tramitación telemática de traballos profesionais do Colexio de Arquitectos, recollidos no Anexo I, e os procedementos de tramitación de licenzas e outras tramitacións urbanísticas, das diferentes administracións galegas.

1. Os sistemas de interoperabilidade da Xunta de Galicia actuarán como intermediarios entre o Colexio de Arquitectos e as diferentes administracións públicas, exclusivamente a efectos de obter a documentación técnica que as administracións públicas utilizarán para a tramitación dos seus respectivos procedementos administrativos. Así, será a Xunta de Galicia quen articule e forneza ás distintas administracións implicadas os accesos vinculados á documentación obtida desde o COAG.
2. A comprobación do cumprimento das condicións de uso da plataforma de intermediación por parte da administración pública que quera acceder, entre outros ter asinado o convenio que facilite o acceso á plataforma e a obtención da autorización dos administrados para dispoñer da documentación dos traballos tramitados no Colexio de Arquitectos no contexto da tramitación de licenzas e outras autorizacións administrativas. O solicitante da licenza ou tramitación urbanística, ao aportar a referencia ou código de visado da documentación técnica tramitada ante o COAG, autorizará e manifestará a súa conformidade para o acceso a referida documentación técnica.
3. Xestionar os procedementos de acceso á plataforma, e difundir o seu uso a través das canles de difusión da plataforma de interoperabilidade e de relación coas entidades locais (eidolocal).
4. Empregar os protocolos tecnolóxicos e as instrucións técnicas que se fixen para obter desde os seus sistemas de interoperabilidade a copia da documentación técnica desde o Colexio de Arquitectos.
5. Habilitar unha canle de soporte as administracións públicas usuarias do servizo, e dar traslado, se procede ao COAG para a resolución das mesmas.

#### **Cuarta.- Obrigas comúns de ambas partes**

Establecer unha liña de colaboración consistente no estudo por ambas partes dos posibles mecanismos, alternativas e estratexias para a execución pola Xunta de Galicia da Disposición adicional primeira da Lei 2/2016 do Solo de Galicia en relación á implantación pola Administración autonómica da Plataforma urbanística dixital de Galicia.

Ao obxecto de que o estudio conxunto sexa fructífero, ambas partes comprométense a:

- 1.- Conformar un grupo de traballo para tal fin integrado por técnicos en representación do COAG e da Xunta de Galicia libremente designados por cada unha das partes. En dito grupo deberá haber técnicos do ámbito tecnolóxico e técnicos con coñecemento no ámbito urbanístico.
- 2.- Establecer de común acordo as liñas de estudo que deberán acometerse e valorar as posibles estratexias e solucións, o calendario de traballo para a celebración das reunións e contactos que sexan precisos.
- 3.- A materialización de calquera das solucións propostas polo grupo de traballo, serán obxecto dun convenio de colaboración específico coa correspondente dotación económica.

#### **Quinta.- Actuacións adicionais**

En relación á liña de colaboración consistente no establecemento de mecanismos de interoperabilidade o COAG para poder implantar os mecanismos contidos neste convenio facilitará as instrucións básicas antes da posta en funcionamento do mesmo, no relativo aos ditos contidos.

Contéplase tamén a posibilidade de realizar tarefas de formación e asesoramento ao persoal das diferentes administracións públicas por parte do persoal técnico do COAG, destinadas a facilitarlle a transición nos mecanismos de supervisión técnica de traballos profesionais en formato tradicional ao formato electrónico segundo a estrutura normalizada que en cada momento se emprega no COAG. Así mesmo, contéplase a elaboración por parte do Colexio de Arquitectos de materiais formativos destinados a facilitar dita transición.

Se ben o presente convenio non comporta obrigas económicas para ningunha das partes, estas actuacións formativas, no caso de acometerse, deberán ser obxecto dun acordo específico coa correspondente disposición orzamentaria, co fin de establecer o importe económico que a Xunta de Galicia fornecería por este concepto ao COAG.



#### **Sexta.- Confidencialidade e garantías técnicas**

As partes garantirán a plena confidencialidade dos datos e a información obxecto deste convenio, en particular a referida a datos de carácter persoal, de conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales, así como no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos, e obríganse a establecer os mecanismos técnicos e informáticos necesarios e convenientes para evitar o uso indebido dos mesmos, así como a súa consulta ou copia non autorizada, fixando procedementos, métodos e controis apropiados. Os prestadores de servizos de certificación admitidos deberán cumprir ademais as obrigas da Lei 59/2003 de 19 de decembro, de sinatura electrónica.

#### **Sétima.- Comisión de Seguimento**

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f) da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento do establecido no convenio, seguimento, vixilancia e control, establécese unha Comisión de Seguimento, integrada por dous representantes de cada entidade, un dos cales será un técnico. Atribúese á Comisión de Seguimento do convenio a interpretación do mesmo, así como a resolución das discrepancias que poidan xurdir en orde ao seu cumprimento. Así mesmo, a Comisión de Seguimento poderá promover, se o considera adecuado outras actuacións que poidan enriquecer ou complementar o seu desenvolvemento.

Os membros da Comisión de Seguimento poderán delegar a súa representación noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

No caso de incumprimento das obrigas asumidas polas partes e cando as discrepancias non se podan corrixir no seo da Comisión de Seguimento, poderase resolver o convenio.

#### **Oitava.- Publicidade e rexistro**

As partes asinantes deste acordo outorgan o seu consentimento expreso para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado acordo sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo,



polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

#### **Novena.- Resolución**

Serán causas de resolución deste acordo as seguintes:

- O transcurso do prazo de vixencia do acordo.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgúns dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideren incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución determinado na cláusula séptima, e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persiste o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución, e entenderase resolto o convenio. A extinción do convenio por esta causa, poderá conlevar o pago dunha indemnización polos prexuízos causados derivados de actuacións xa executadas ou como consecuencia doutras actuacións que teñan que asumir debido ao referido incumprimento.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do acordo.
- A imposibilidade sobrevida de cumprimento do obxecto do acordo.

Non obstante, se cando concorre calquera destas causas de resolución existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento, vixilancia e control deste acordo, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

#### **Décima.- Xurisdición**

De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o presente convenio encóntrase excluído do seu ámbito de aplicación.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 40/2015, do 1 de outubro do RXSPN, sendo competente para entender os litixios que puidesen xurdir a xurisdición Contencioso-Administrativa.

#### **Undécima.- Vixencia**

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia durante catro anos a partir da dita data. Poderá prorrogarse por acordo unánime das partes por un período de ata un máximo de catro anos adicionais.

#### **Duodécima.- Protección de datos de carácter persoal**

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

**E en proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado o presente documento no lugar e data sinalados no encabezamento,**

Pola Consellería de Medio  
Ambiente, Territorio e Vivenda



A conselleira

Pola Axencia para a  
Modernización Tecnolóxica de  
Galicia



A directora xeral

Polo Colexio Oficial de  
Arquitectos de Galicia



A decana - presidenta

## **Anexo I - Relación de traballos profesionais incluídos na interoperabilidade**

Os definidos na “Guía de tramitación de traballos profesionais” do COAG, como:

- **Obras:**
  - Edificación.
  - Ordinarias.
  - Derrubas.
  - Urbanización.
  
- **Outros traballos:**
  - Periciais
  - Informe de inspección técnica de edificios (ITE)
  - Informe de avaliación de edificios (IAE)
  - Certificado de eficiencia enerxética
  - Avaliación de impacto ambiental (actividades)
  - Estudo de xestión de residuos
  - Estudo ou estudo básico de seguridade e saúde
  - Estudo xeotécnico
  - Memoria de actividade
  - Proxecto parcial